

## UNHA VISIÓN REXIONAL DA POBREZA EN ESPAÑA NO MARCO DA CRISE ECONÓMICA ACTUAL<sup>1</sup>

ALEJANDRA MARÍA FEAL PÉREZ / MARÍA JOSÉ PIÑEIRA MANTIÑÁN  
RUBÉN CAMILO LOIS GONZÁLEZ / FRANCISCO DURÁN VILLA  
Universidade de Santiago de Compostela

RECIBIDO: 23 de novembro de 2012 / ACEPTADO: 14 de xuño de 2013

---

**Resumo:** Este artigo pretende achegar unha visión rexional da pobreza en España desde a perspectiva da Estratexia Europa 2020 facendo fincapé nos cambios derivados da crise económica. Esta análise realízase tomando como marco o obxectivo de crecemento inclusivo que fixa a Estratexia Europea 2020 (EU2020S), adoptada formalmente pola Unión Europea no ano 2010, para reducir os niveis de pobreza e exclusión social. O estudo de trece indicadores socioeconómicos a nivel de comunidades autónomas (CC.AA.) e a identificación de relacións entre os indicadores socioeconómicos da Estratexia 2020 permitiu: i) situar España e as súas comunidades autónomas no contexto europeo, ii) poñer en evidencia cambios no contexto social derivados da actual crise económica, iii) identificar relacións entre as variables estudadas, e iv) propoñer clústeres de rexións segundo a súa distancia aos obxectivos da Estratexia 2020.

**Palabras clave:** Estratexia Europa 2020 / Crecemento inclusivo / Pobreza / Rexión.

### **A Regional Understanding of Poverty in Spain in the Context of Current Economic Depression**

**Abstract:** This article aims to provide a regional view of poverty in Spain from the perspective of the Europe 2020 strategy emphasizing the changes resulting from the economic crisis. This analysis is performed under the objective of inclusive growth that secures the European 2020 Strategy (EU2020S), formally adopted by the European Union in 2010, to reduce the levels of poverty and social exclusion. The survey study of 13 socio-economic indicators at the regional level and the identification of relationships between the socio-economic indicators of the EU2020S has allowed (i) to place Spain and its regions in the European context, (ii) to evidence the changes resulting from the crisis, (iii) to identify relationships between the studied variables and (iv) to propose clusters of regions according to their distance to the objectives of the EU2020S.

**Keywords:** Europe 2020 Strategy / Inclusive growth / Poverty / Region.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

Desde unha perspectiva social-filosófica hai que destacar a dificultade para definir o concepto de pobreza. Se recorremos á definición do adxectivo “pobre” que proporciona o *Diccionario de la Real Academia de la Lengua Española*, temos que é a de “necesitado, que no tiene lo necesario para vivir”. Porén, o Consello Europeo cataloga como persoas pobres aqueles individuos, familias ou grupos cuxos recursos (materiais, culturais e sociais) son tan limitados que lles fan quedar excluídos do modo de vida mínimo do Estado membro onde habitan (EUROSTAT, 2000); un

---

<sup>1</sup> Este traballo está financiado polo proxecto de investigación *ESPON Applied Research Project 2013/1/18: SIESTA Spatial Indicators for a “Europe 2020 Strategy” Territorial Analysis*.

concepto que supera o marco unidimensional da pobreza tradicional e pasa a considerala como un fenómeno diverso (Pérez Mayo, 2008). En consecuencia, entendemos que o estudo da pobreza debe enfocarse desde unha metodoloxía que integre información sobre diferentes factores (económicos; educativos; os relacionados coa saúde, co emprego, etc.) que son determinantes da situación de carencia das persoas consideradas pobres (Pérez Ayerra e Zugasti Mutilva, 2007; Zarzosa, 2009).

Dentro das investigacións que nos últimos anos viñeron desenvolvéndose en relación coa pobreza, podemos diferenciar aquelas centradas nos aspectos económicos (Martín Guzman *et al.*, 1996; Domínguez, Núñez e Rivera, 2005), e outras nas que o factor económico é importante pero non o único (Bárcena, Fernández e Martín, 2000; Cantó, Del Río e Gradín, 2000; Del Río e Ruiz Castillo, 2001; Charco e Fernández, 2001; López Rivera, 2003; Ayala e Navarro, 2004; Badenes Plá, 2009; Gallego Duque, 2009; Hernández Pedreño, 2008; Gil e Ortiz, 2009). Porén, todas elas esixen o establecemento dun *limiar* a partir do cal se afirma que a persoa non ten satisfeitas as súas necesidades básicas ou que o seu grao de benestar non é bo.

Desde mediados do século XX os procedementos deseñados para identificar ese limiar soen basearse tanto no estudo de indicadores directos como indirectos. Os primeiros están relacionados coas condicións de vida dos individuos ou membros dos fogares, e principalmente co grao de satisfacción dunha serie de necesidades (vivenda, alimentación, saúde, relacións sociais, etc.). Pola súa parte, os indicadores indirectos descansan na capacidade de acceso das persoas a determinados recursos, unha capacidade que está condicionada polos ingresos dispoñibles ou polo gasto que fan. En consecuencia, a pobreza non só se entende como a imposibilidade de conseguir un nivel mínimo de subsistencia alimentaria, senón tamén por non conseguir un estándar de vida mínimo característico da sociedade obxecto de estudo.

Tanto os indicadores directos como os indirectos presentan marcadas limitacións, de aí que se propoña unha combinación de ambos os dous para conseguir unha análise máis completa. En todo caso, será necesario prefixar as liñas por baixo das cales unha persoa pasa a considerarse pobre, tendo sempre en conta que esas liñas están directamente relacionadas cos niveis de renda, sendo máis elevadas nos países ricos que nos pobres (Chen e Ravallion, 2010). Estas liñas son *relativas* cando están referidas a unha carencia con respecto á contorna e, polo tanto, parten dunha medida de posición central, principalmente a mediana dos ingresos ou dos gastos<sup>2</sup> (no caso dos indicadores indirectos) ou ben da capacidade de acceso a un conxunto concreto de bens estándares da sociedade obxecto de estudo

---

2 Institucións como a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCED), a Unión Europea (EUROSTAT) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) consideran que unha persoa se atopa nunha situación de pobreza moderada cando os seus ingresos están por baixo do 60% do ingreso medio, nun limiar de pobreza alto se se sitúan en torno a un 40%, e nunha situación de pobreza extrema cando os ingresos non superan o 25% ou o 30% do ingreso medio (Ayala Cañón, 2009).

(nos indicadores directos); e son *absolutas* (Deaton, 1997; Ravallion, 1992; Chen e Ravallion, 2010) cando están asociadas ao concepto de privación e benestar, de forma que a liña vén marcada polo acceso a determinados recursos considerados básicos, como poden ser os alimentos.

A medio camiño entre as liñas de pobreza absolutas e relativas preséntanse as de pobreza *subxectivas*, onde os propios individuos son os que manifestan o mínimo de necesidade socialmente aceptable dentro dun instante dado (Van Praag, Goedhart e Kapteyn, 1980). Pouco se sabe sobre a percepción dos fogares ou dos individuos sobre o seu benestar; así e todo, podemos observar como persoas ou fogares que se atopan nunha pobreza obxectiva monetaria poden autopercebirse como non pobres ao ter como referente unha liña de pobreza subxectiva, ao tempo que persoas ou fogares catalogados como non pobres, segundo os criterios de gastos que realizan ou de ingresos, se senten pobres. É o caso de miles de persoas que, a pesar de ter cubertas as súas necesidades básicas de subsistencia, se ven pobres por non conseguir o nivel de vida que desexan, que en xeral inclúe o acceso a produtos e servizos vinculados coa vivenda, coa educación, coa saúde e coa tecnoloxía, ou por perder o nivel de vida que tiveron en períodos anteriores (Giarrizzo, 2007).

Ao longo do artigo expoñeremos diversos indicadores obxectivos que permiten debullar unha perspectiva da situación da pobreza en España e en Europa. Para tal fin, estruturouse do seguinte modo. Logo desta introdución, na sección 2 abórdase a Estratexia Europa 2020, prestándolles especial atención ao obxectivo de inclusión social e aos indicadores recomendados para a análise da pobreza. A sección 3 céntrase no estudo da poboación en situación de pobreza e exclusión social en España baseándose en tres indicadores: a poboación en situación de pobreza relativa, aquela afectada por unha carencia material severa, e a que reside en fogares nos que todos os membros están sen emprego ou teñen unha baixa intensidade de emprego. Finalmente, na sección 4 preséntanse as principais conclusións.

## **2. A ESTRATEXIA 2020: MARCO DE REFERENCIA PARA A ANÁLISE DA POBREZA EN ESPAÑA**

O xurdimento do agudo período de crise que atravesamos desde os anos 2007 e 2008 propiciou que as institucións europeas propuxeran medidas para encarar a nova situación económica, que na praxe condiciona o que comunmente se consideran logros da UE en materia de cohesión social e territorial de varias décadas (Comisión Europea, 2010b). Neste contexto, no ano 2010 a Comisión Europea deseñou a Estratexia Europa 2020 (EU2020S en adiante). Trátase dun plan de crecemento para o período 2010-2020 que pretende ser a continuación da Estratexia de Lisboa (adoptada no ano 2000 e vixente para a primeira década do século XXI), pero nun contexto de crise económica.

A EU2020S establece cinco categorías temáticas representativas da perspectiva do crecemento integrador, sostible e intelixente: educación, pobreza e exclusión social, emprego, I+D e innovación, e cambio climático e enerxía. Así mesmo, propoñen oito indicadores que serven para cuantificar e avaliar os progresos na súa consecución, denominados en inglés *headline targets* (táboa 1). Cada un destes oito indicadores ten asociado un obxectivo numérico que a Unión Europea debe conseguir globalmente, aínda que cada país adapta estes obxectivos ás súas circunstancias de partida..

**Táboa 1.-** Obxectivos prioritarios da EU2020S

| Obxectivos prioritarios    | Indicadores   | Obxectivos numéricos da EU2020S                               |
|----------------------------|---|---|
| Educación                  | Persoas de entre 30 e 34 anos con estudos universitarios    | Cando menos un 40%  |
|                            | Abandono escolar das persoas de entre 18 e 24 anos          | Redución por baixo do 10%                                     |
| Pobreza e exclusión social | Persoas en risco de pobreza ou de exclusión social          | Como mínimo 20 millóns de persoas menos                       |
| Emprego                    | Taxa de emprego da poboación de entre 20 e 64 anos          | 75%   |
| I+D e innovación           | Gasto do PIB en I+D   | 3%  |
| Cambio climático e enerxía | Emisións de gases de efecto invernadoiro, ano base 1990     | Redución dun 20% ou dun 30% se as condicións fosen favorables |
|                            | Proporción de enerxía renovable no consumo enerxético final | 20%   |
|                            | Intensidade enerxética da economía                          | Incremento dun 20%  |

FONTE: Elaboración propia.

Os cinco núcleos temáticos e os tres obxectivos xerais de crecemento sostible, integrado e intelixente están intimamente relacionados e refórzanse mutuamente (figura 1). Deste modo, unha maior capacidade de investigación e desenvolvemento, así como a innovación na economía, combinada cunha maior eficiencia dos recursos, mellorarán a competitividade e impulsarán a creación de emprego. Por outra parte, co aumento do nivel educativo serán maiores as posibilidades de conseguir traballo e mellorar a taxa de emprego, o que sen dúbida axudará a reducir os niveis de pobreza e exclusión social (Comisión Europea, 2010a, p. 11).

A Comisión Europea é consciente da delicada situación social que está experimentando Europa, tal e como se recolle no documento final da convención de pobreza que tivo lugar en Krakov no ano 2011 (Polish Presidency and European Commission, 2011), onde o xefe do Comité de Protección Social, Lauris Beets, afirmou que: *“A situación económica e financeira é grave na maioría dos Estados membros, pero os cidadáns comúns, e en particular as persoas en situación de pobreza,*

*non deben pagar o prezo da crise. Os nosos sistemas de protección social demostraron ser bastante resistentes contra os danos da crise económica, pero é imprescindible que melloramos estes sistemas e que manteñamos o noso enfoque no emprego como ferramenta para sacar as persoas da pobreza e da exclusión social. O obxectivo da UE de reducir en 20 millóns o número de persoas en risco de pobreza e exclusión social para o ano 2020 non se conseguirá sobre a base dos actuais obxectivos nacionais. Segundo unha primeira estimación, preto de 12 millóns de persoas saírían da pobreza e da exclusión social no 2020. Se se teñen en consideración os efectos indirectos das estratexias centradas en, por exemplo, a loita contra a pobreza infantil ou a redución de desemprego de longa duración, este número pode incrementarse nun 25% (...). Polo tanto, os obxectivos nacionais en canto á redución da pobreza deben ser reexaminados”.*

En consecuencia, a inclusión social convértese nun dos cinco obxectivos sobre os que pivota a EU2020S. Para logralo, está promovéndose un crecemento integrador que favoreza a creación de emprego e a cohesión social mediante o desenvolvemento de dúas iniciativas emblemáticas: a creación dunha nova axenda de cualificacións e empregos que facilite a adaptación ás novas necesidades do mercado de traballo; e a posta en marcha dunha plataforma contra a pobreza que favoreza a toma de conciencia e o recoñecemento dos dereitos fundamentais das persoas que sofren a pobreza e a exclusión social, permitíndolles vivir con dignidade e participar activamente na sociedade.

**Figura 1.-** Visión esquemática da EU2020S



FONTE: Elaboración propia.

O documento derivado do *First Annual Convention of the European Platform Against Poverty and Social Exclusion* (Polish Presidency and European Commission, 2011) suxire que a loita contra a pobreza é sobre todo unha responsabilidade dos gobernos nacionais, aínda que a UE pode desempeñar un papel de coordinador xa

que os países membros afrontan desafíos semellantes. A Plataforma Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social (Comisión Europea, 2010c) está acompañada dun *Staff Working Paper* que contén unha lista sistemática de iniciativas clave que desenvolver (Comisión Europea, 2010d).

Do mesmo modo que para os seus outros catro obxectivos prioritarios, a EU2020S fixa un indicador para cuantificar os progresos que fagan os Estados membros e a UE con respecto á pobreza e á inclusión social. Neste caso, o indicador definido foi o “*número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social*”, que engade o termo “*exclusión social*”, un concepto ambiguo e de marcada multidimensionalidade.

A exclusión social é unha noción moito máis ampla que a de pobreza monetaria, e de feito non existe unha definición universal para este termo. No contexto das políticas europeas de loita contra a exclusión social, a UE defínea como “*un proceso polo cal certos individuos son empurrados á marxe da sociedade e se lles impide participar plenamente nela debido á súa pobreza, á súa falta de competencias básicas e oportunidades de aprendizaxe permanente, ou simplemente como resultado da discriminación. Isto afástaos das oportunidades de emprego, ingresos e educación e formación, así como das redes sociais e actividades comunitarias. Teñen pouco acceso ao poder e aos órganos de toma de decisións, polo que a miúdo se senten impotentes e incapaces de tomar o control sobre as decisións que afectan á súa vida diaria*” (Comisión Europea, 2004, p. 10).

O indicador “*people at risk of poverty or social exclusion*” establecido polo Consello Europeo reflicte ao mesmo tempo a multiplicidade de factores que subxacen á pobreza e á exclusión, así como a diversidade de problemas aos que se enfrontan os Estados membros e as prioridades que se fixaron en consecuencia (Comisión Europea, 2010a). Combina tres subindicadores: i) persoas en risco de pobreza monetaria<sup>3</sup>; ii) en situación de privación material<sup>4</sup> grave; ou ben, iii) que viven en fogares cunha intensidade de traballo moi baixa<sup>5</sup>. Segundo a definición que fai

3 Poboación en risco de pobreza despois das transferencias sociais: o limiar de pobreza fixado para este indicador é do 60% da mediana da renda nacional dispoñible equivalente (despois das transferencias sociais).


4 Poboación en situación de privación material severa: aquelas persoas que non dispoñen de recursos para facerlles fronte a cando menos catro das seguintes situacións: i) pagar o aluguer e as facturas correntes; ii) quentar correctamente a súa vivenda; iii) facerlles fronte a gastos imprevistos; iv) comer carne, peixe ou proteínas equivalentes con regularidade (días alternos); v) pasar unha semana de vacacións fóra do fogar; vi) dispoñer de coche; vii) dispoñer de lavadora; viii) dispoñer de televisión en cor; ou ix) dispoñer de teléfono. Cada persoa cóntase só unha vez, aínda que poida cumprir máis dun subindicador.

5 Poboación que vive en fogares con intensidade de traballo moi baixa: persoas que viven en fogares cunha intensidade de traballo no fogar por baixo do limiar fixado no 20%. A intensidade de traballo do fogar refírese á relación, por unha parte, entre o número de meses que todos os membros do fogar en idade de traballar estiveron traballando durante o ano de referencia dos ingresos e, por outra, o número total de meses que en teoría poderían ter sido traballados polos membros do fogar. Unha persoa en idade de traballar defínese como unha persoa de entre 18 e 59 anos, non sendo estudante de entre 18 e 24 anos. Os fogares compostos só por nenos, estudantes menores de 25 anos e/ou persoas de 60 anos ou máis están excluídos do cálculo do indicador.

EUROSTAT do indicador *poboación en risco de pobreza ou exclusión social*, para que unha persoa se atope dentro desta situación só ten que cumprir unha das tres condicións<sup>6</sup>.

En consecuencia, o indicador inclúe non só ás persoas en risco de pobreza monetaria senón tamén a aquelas que están en perigo de exclusión social por atoparse nunha contorna con baixa actividade laboral (desemprego) ou por ter unha marcada privación de ítems considerados básicos para conseguir os estándares de calidade de vida media da UE. Deste modo, se a porcentaxe de poboación en risco de pobreza da UE-27 no ano 2010 era de 16,4, a porcentaxe en risco de pobreza e exclusión social ascendía mesmo ata 23,4, é dicir, sete puntos porcentuais superior (figura 2). No caso de España, esta diferenza é de 5,2 puntos, sendo a porcentaxe de persoas en risco de pobreza no ano 2011 dun 21,8%, mentres que a porcentaxe no indicador combinado é dun 27% da poboación.

**Figura 2.-** Distribución das persoas en risco de pobreza ou exclusión social na UE-27 e en España no ano 2010 entre os tres subindicadores agrupados



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos de EUROSTAT.

Se analizamos os factores determinantes da pobreza en España, observamos que houbo un cambio desde mediados do século XX. Nas décadas de 1960 e 1970 a pobreza vinculábase a indicadores como o grao de ruralidade –posto que as cidades eran os centros de actividade e modernidade–, a idade –sobre todo polo que se refería ás persoas maiores que non tiñan pensións de garantía social–, ou ao tamaño do fogar. Na actualidade, desde que estalou a crise económica no ano 2007, novos factores determinan o incremento do volume de persoas en situación de pobreza e exclusión social. Un deles é o desemprego que, segundo datos da *En-*

<sup>6</sup> Cada persoa cóntase só unha vez, aínda que poida cumprir máis dun subindicador.

*cuesta de Población Activa (EPA)* do terceiro trimestre do ano 2012, afecta a 5.778.100 persoas, o que supón unha taxa de paro do 25,02%, fronte ao 8,3% que se rexistraba no ano 2007. Estamos ante un fenómeno que se acompaña de graves consecuencias económicas e sociais en tanto que afecta directamente ao nivel de renda e riqueza desa poboación.

Segundo un informe do Instituto de Estudos Económicos do ano 2012, que ten como base os datos proporcionados por EUROSTAT, a poboación española en risco de pobreza creceu un 27% no ano 2011, dous puntos máis que no 2010. Os datos facilitados por Cáritas no *VII Informe del Observatorio de la Realidad Social* do ano 2012 (Cáritas, 2012) indican que desde o ano 2007 se incrementaron nun 174,2% as persoas que solicitaron os seus servizos para cubrir as necesidades básicas de alimentación e vivenda, pasando de 370.251 usuarios no ano 2007 a 1.015.276 no ano 2011. Pola súa parte, o Ministerio de Sanidade informa de que son xa 8.000.000 as persoas que acoden aos servizos sociais en busca de axuda, sobre todo persoas maiores e familias con menores. Pero o grave é pensar que no ano 2012 un de cada cinco españois está por baixo do límite de pobreza, establecido actualmente en 15.455 euros no caso dos fogares con dous adultos e dous menores, e en 7.355 euros no caso dos fogares unipersoais.

Por outra parte, o desemprego trae consigo unha redución da riqueza da poboación, entendida esta como a suma de activos reais e financeiros menos o valor das débedas posuídas polo fogar. No ano 2002 –período de crecemento económico– a riqueza do fogar medio era de 172.000 euros, dos cales 89.000 euros correspondían á vivenda, un dato que sen dúbida revela a importancia que tiña esta no patrimonio do fogar (máis do 50%). Nese mesmo ano, o 43% dos fogares posuía algún tipo de débeda, sobre todo relacionada coa adquisición dalgunha propiedade inmobiliaria, que representaba o 80% do pasivo e equivalía a un 6,2% do valor total de activos. Na actualidade, o feito de non ter ingresos, ou de necesitalos para satisfacer outras necesidades básicas, pon en perigo a propiedade da vivenda en tanto que non se lle pode facer fronte ao pagamento da hipoteca. Polo tanto, rexístrase un incremento das execucións hipotecarias, monitorios presentados no xulgado e desafiuzamentos.

Finalmente, a crise parece determinar a preeminencia de medidas de axuste/recorte que, desde unha perspectiva puramente social, non fan senón frear os logros das pasadas décadas, ademais de empobrecer aos cidadáns. Cada vez son máis os recortes aplicados aos servizos públicos, que en realidade son os que garanten a equidade social en tanto que todos os cidadáns teñen dereito a unha educación de calidade, ao coidado sanitario, á seguridade cidadá, á información, á xustiza, á cultura e a un sistema de protección social que atenda aos máis desfavorecidos. Así mesmo, os recortes veñen acompañados por un incremento dos tipos impositivos do IVE, que implican unha clara perda de capacidade adquisitiva e calidade de vida, e que afecta preferentemente ás familias con ingresos máis baixos que cada vez teñen que pagar máis no consumo frecuente.



## 2.1. DEFINIÇÃO DA METODOLOXÍA PARA O ESTUDO DA POBREZA EN ESPAÑA NO MARCO DA EU2020S

Podemos sinalar que este traballo ten un dobre obxectivo: por unha parte, pretendemos identificar as disparidades territoriais na incidencia da pobreza e a exclusión social no Estado español e explicalas baseándonos en indicadores normalmente asociados á pobreza; e por outro, o feito de centrar o noso interese nos obxectivos establecidos na EU2020S para a redución da pobreza fai que sexan os indicadores definidos os que conformen a base do noso estudo. A elección das CC.AA. como marco territorial de referencia xustifícase en función de que os datos relativos ao indicador da EU2020S “poboación en risco de pobreza ou exclusión social” proceden dunha enquisa cuxos resultados por baixo do nivel territorial NUTS 2 poden presentar problemas de fiabilidade derivados do tamaño da mostra.

Dado que a EU2020S no seu documento base (Comisión Europea, 2010a, p. 3) fai referencia a que os seus obxectivos están interrelacionados e son fundamentais para que a estratexia teña éxito, desenvolvemos unha segunda parte analítica onde tratamos de mostrar as relacións que existen entre o indicador da pobreza e exclusión social e os restantes da EU2020S, así como outras variables que consideramos que teñen unha especial incidencia sobre a redución da pobreza e a exclusión social (táboa 2).

En relación co indicador da pobreza e exclusión social que establece a EU2020S, decidiuse completalo incorporando as variables referidas á poboación en risco de pobreza, á poboación con carestía material severa e á poboación que reside en fogares con baixa intensidade laboral. Pola súa parte, os tres indicadores da EU2020S relacionados co medio ambiente e a enerxía foron excluídos da análise por non atoparse dispoñibles na escala NUTS 2 e porque non se esperan relacións empíricas entre estes indicadores e a incidencia da pobreza. Finalmente, engadíronse outras variables relacionadas coa calidade de vida e coa incidencia da pobreza, como son as referidas á saúde e á educación.

Lonxe de tratarse dunha simple apreciación, son numerosos os traballos que abordan dunha maneira empírica a relación entre a pobreza ou o estatus socio-económico coa saúde (Halleröd e Gustafsson, 2011; Frijters, Haisken-Denew e Shields, 2005; Thiede e Traub, 1997) e a educación, determinando moitas veces que existe unha correlación causal entre eles. Neste sentido, aínda que a EU2020S xa inclúe dúas variables referidas ao nivel educativo, nós optamos por engadir a porcentaxe de persoas con baixo nivel educativo. Polo que respecta á saúde, inclúese a variable relativa á esperanza de vida ao nacer.

Por outra parte, dada a importancia que está tendo a destrución de emprego no sector da construción en España e a súa incidencia no incremento do desemprego, incorporamos como variables deste estudo a porcentaxe de persoas empregadas na construción e a variación deste indicador entre os anos 2007 e 2011. Debemos sinalar que todos os indicadores proceden das bases de datos rexionais de EUROSTAT, e que os rexistros das Cidades Autónomas de Ceuta

e Melilla foron eliminados da análise multivariante xa que poden estar afectados por erros graves relativos ao tamaño da mostra e porque, ademais, nalgúns casos nin sequera hai datos dispoñibles para os indicadores seleccionados.

Finalmente, debemos sinalar que se desenvolveu unha análise de compoñentes principais (ACP) cos datos do ano 2011, co fin de reducir as variables de estudo a un conxunto limitado de factores que nos permitirán mostrar a dimensión rexional da EU2020S en España, despois de realizar unha análise de conglomerados baseado na ACP previa. Antes de iniciar a ACP e a clusterización, os datos orixinais foron estandarizados mediante o cálculo de *Z-scores*.

**Táboa 2.-** Indicadores incluídos nas análises estatísticas

| Tema principal             | Indicadores   | Acrónimo | Ano         | Indicador da EU2020S |
|----------------------------|---|----------|-------------|----------------------|
| Educación                  | % da poboación de entre 30 e 34 anos con estudos universitarios   | PEU      | 2007 e 2011 | Si                   |
|                            | % da poboación de entre 18 e 24 anos que abandonan os estudos moi cedo  | AET      | 2007 e 2011 | Si                   |
|                            | Porcentaxe da poboación de entre 25 e 64 anos que só alcanzaron o nivel educativo ISCD 2 (equivalente á Educación Secundaria Obligatoria do sistema educativo actual) | BNF      | 2007 e 2011 | Non                  |
| Pobreza e exclusión social | % da poboación en risco de pobreza ou exclusión social  | PRPOES   | 2007 e 2011 | Si                   |
|                            | % da poboación en risco de pobreza  | PRP      | 2007 e 2011 | Si                   |
|                            | % da poboación en carestía material severa  | PCMS     | 2007 e 2011 | Si                   |
| Emprego                    | % da poboación que vive en fogares con moi baixa intensidade laboral  | PFBIL    | 2007 e 2011 | Si                   |
|                            | Taxa de emprego da poboación de entre 20 e 64 anos  | TE       | 2007 e 2011 | Si                   |
|                            | Taxa de emprego da poboación de entre 18 e 25 anos  | TEX      | 2007 e 2011 | Non                  |
|                            | % de empregados no sector da construción con respecto ao emprego total  | ESC      | 2007 e 2011 | Non                  |
|                            | Variación do % de empregados no sector da construción entre os anos 2007 e 2010   | CESC     | ---         | Non                  |
| I+D e innovación           | % do PIB investido en I+D   | PIBIMD   | 2007 e 2010 | Si                   |
| Saúde                      | Esperanza de vida ao nacer  | EVN      | 2010        | Non                  |

FONTE: Elaboración propia.


### 3. CRISE E POBREZA EN ESPAÑA NO MARCO DA EU2020S

A descrición dos datos faise poñendo énfase na comparativa cos correspondentes para o conxunto europeo (UE-27) e na evolución dos indicadores nos anos da crise, remarcándose as principais diferenzas rexionais. Os datos proveñen do INE e de EUROSTAT, e en ambos os dous casos derivan da *Encuesta de Condiciones de Vida* (EU-SILC).

### 3.1. PERSOAS EN RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL

No ano 2011 o indicador persoas en risco de pobreza ou exclusión social para o conxunto do Estado español foi do 27%. A gráfica 1 mostra a evolución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social en España e na UE-27 entre os anos 2004<sup>7</sup> e 2011.

**Gráfica 1.-** Evolución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social en Europa e en España entre os anos 2004 e 2012



NOTA: Os datos para os anos 2004, 2011 e 2012 non están dispoñibles para a UE-27.

FONTES: INE, EUROSTAT EU-SILC, 2012.

Tanto en España como en Europa obsérvase unha diminución paulatina da poboación en risco de pobreza ou exclusión social no período 2004-2008. No caso de España a involución iníciase no ano 2008 e no da UE-27 no 2009. Esa taxa mantívose en España lixeiramente por baixo do valor europeo mesmo no ano 2009, onde o valor se incrementou de maneira destacada en 3,6 puntos ata o ano 2011 –os datos provisionais do ano 2012 indican unha certa melloría con respecto ao ano 2011: un 26,8 fronte a un 27%–. Cómpre ter en conta que no ano 2005 países como Polonia, Lituania ou Letonia (incorporados no ano 2004) presentaban valores deste indicador superiores ao 40%, e que no ano 2007 para Bulgaria e Romanía eses valores eran do 60,7% e do 45,9% respectivamente, o que indubidablemente contribuíu a incrementar o valor global da UE-27.


A pesar destas incorporacións, a UE-27 como conxunto mostra unha tendencia xeral á diminución do número de persoas en risco de pobreza e exclusión social, en parte grazas aos progresos feitos por países como, entre outros, Bulgaria, Polonia, Romanía, Chipre ou Italia. Mesmo nos anos da crise (2007-2010), a UE-27 mostra un descenso na taxa de 1 punto porcentual; pola contra, o indicador en España reflicte un incremento de 2,4 puntos no período 2007-2010 e do 3,9 entre o ano 2007 e o dato máis recente (2011). No contexto europeo, España ocupa o no-

<sup>7</sup> Data de inicio da enquisa europea EU-SILC da que proveñen os datos empregados para a elaboración da gráfica 1, así como da dispoñibilidade de datos para o conxunto UE-27.

veno posto en canto a número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social (gráfica 2).

É sabido que a pobreza afecta de maneira diferenciada a homes e mulleres e tamén en función do rango de idade. Estas diferenzas móstranse con desigual intensidade en función das características sociais e demográficas do conxunto territorial de referencia. Por exemplo, Bárcena e Moro Egado (2011), nun estudo das diferenzas de xénero na pobreza en Europa, destacaron que o gasto en protección social ten un impacto na existencia da pobreza e no risco de ser pobre, e este gasto social difire entre CC.AA., provincias e concellos.

**Gráfica 2.-** Porcentaxe da poboación total en risco de pobreza ou exclusión social e valor da liña de pobreza, 2010



NOTA: CZ: República Checa; NL: Países Baixos; FI: Finlandia; DK: Dinamarca; FR: Francia; MT: Malta; BE: Bélxica; UK: Reino Unido; CY: Chipre; PT: Portugal; GR: Grecia; IE: Irlanda; LT: Lituania; RO: Romanía.


FONTE: EUROSTAT EU-SILC, 2012.

Así mesmo, os factores contextuais dos países son máis importantes que os individuais para explicar as diferenzas de sexo na pobreza e no risco de ser pobre, e máis aínda no risco de entrar ou saír da pobreza. A poboación feminina adoita mostrar taxas de pobreza maiores que a masculina en case todas as sociedades (Casper, McLanahan e Garkinkel, 1994; Christopher *et al.*, 2002). Esta característica cúmprese no Estado español, aínda que no ano 2010 a diferenza na porcentaxe de persoas pobres entre homes e mulleres era inferior que a media europea (1,2 puntos porcentuais fronte aos 2,2 da UE-27), podendo dicirse que España ocupaba hai dous anos o oitavo mellor posto no que respecta a este indicador, por baixo de Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Portugal, Irlanda e Luxemburgo.

No caso de España, e para a porcentaxe total, obsérvase<sup>3</sup> que desde o inicio da serie ata o ano 2009 a taxa sempre foi de 2 puntos porcentuais superior no caso das mulleres. Porén, parece que durante os anos da crise está ocorrendo unha equiparación entre homes e mulleres. Belzunegui e Pastor (2011) xa destacaron que a relación da pobreza coa inactividade feminina fai que os períodos de cambio de ciclo económico –como o acontecido en España nos últimos anos– impliquen unha menor variación da taxa de risco de pobreza entre mulleres e ho-

mes, xa que eles son máis dependentes do dinamismo do mercado laboral. Deste modo, os datos do bienio 2010-2011 apuntan a unha converxencia á alza entre sexos. Sustenta tamén esta hipótese o feito de que se observe unha correlación negativa significativa ( $r = 0,94$ ,  $p$ -valor = 0,0005) entre a diferenza (en puntos porcentuais) nos valores do indicador entre homes e mulleres e a porcentaxe total (gráfica 3).

**Gráfica 3.-** Correlación entre a diferenza entre homes e mulleres no indicador porcentaxe de persoas en risco de pobreza ou exclusión social e o valor do indicador no período 2004-2011 en España



FONTE: Elaboración propia.

Polo que respecta ás diferenzas entre grupos de idade, podemos sinalar que no ano 2011 os menores de 16 anos eran os que presentaban unha maior proporción de persoas en risco de pobreza ou exclusión social (29,9%), o grupo de 16 a 64 anos mostraba un valor medio de 0,4 puntos porcentuais superior ao total (27,4% fronte a 27%, respectivamente), e no de 65 ou máis anos era onde o risco de pobreza ou exclusión social era menor (22,3%). Estes datos supoñen un cambio importante con respecto ao ano 2007 e en xeral co quinquenio 2004-2009, xa que durante este período o grupo de idade cunha maior porcentaxe de pobres era o de 65 ou máis anos.

O ano 2010 foi o primeiro no que o número de pobres foi superior na franxa de 16 a 64 anos. O descenso dos valores no grupo de idade dos adultos maiores pode explicarse porque nos fogares ocupados só por persoas con máis de 64 anos non se inclúen a aquelas que participan da definición do subindicador *persoas en fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego*, pero tamén porque este grupo de idade son pensionistas, normalmente sen fillos ao seu cargo e, polo tanto, manteñen aproximadamente os mesmos ingresos que antes da crise. Sexa como fose, debemos considerar tamén a posibilidade de que os adultos estean dependendo dos seus proxenitores debido á perda de emprego, o que afectaría aos niveis de benestar.

### **3.1.1. Subindicador en risco de pobreza (60% mediana dos ingresos por unidade de consumo)**

O valor deste subindicador no ano 2010 foi na UE-27 do 16,4%, fronte ao 20,7% de España. No ano 2011 o valor para España foi do 21,8%, polo que entre os anos 2007 e 2011 a taxa de risco de pobreza aumentou en 2,1 puntos porcentuais, algo máis de 515.000 persoas. Este indicador foi maior nos homes (2,6 puntos porcentuais) que nas mulleres (1,5). Hai que destacar que no caso do conxunto da UE-27 este indicador mostra un lixeiro descenso no período 2007-2010 (0,1 puntos porcentuais).

No relativo ás diferenzas entre grupos de idade, este subindicador presenta un comportamento practicamente equiparable co da EU2020S, podendo sinalarse que no ano 2011 o grupo que presentaba unha maior proporción de persoas en risco de pobreza ou exclusión social era o dos menores de 16 anos, cunha proporción do 26,7; o de 16 a 64 anos e o dos maiores de 65 anos estaban un punto por baixo do total (20,8 fronte a 21,8, respectivamente). Estes rexistros supoñen un cambio importante con respecto aos do ano 2007 e en xeral cos do período 2004-2009, xa que durante este quinquenio o grupo de idade con máis pobres era o de 65 ou máis anos.

### **3.1.2. Subindicador en carencia material severa (con carencia cando menos en catro conceptos dunha lista de nove)**

No ano 2011 un 3,9% da poboación española atopábase en carencia material severa. No período 2007-2011 tivo lugar un incremento de 0,9 puntos porcentuais, o que significa un aumento do 29%. A taxa de feminidade deste indicador no ano 2011 indica que esta afecta un 8% máis ás mulleres que aos homes. Desde o ano de inicio da serie de datos (2004), a evolución da diferenza entre homes e mulleres neste indicador é bastante irregular, aínda que pode observarse unha tendencia a aumentar a porcentaxe de mulleres desde o ano 2008. Na distribución do indicador por grupos de idade podemos sinalar que no ano 2011 eran os maiores de 65 anos aqueles menos afectados pola carestía material grave (2,6%, isto é, 1,3 puntos por baixo da porcentaxe total).

Na UE-27, entre os anos 2007 e 2010 vese unha redución da porcentaxe de persoas en carestía material grave de 1 punto porcentual sobre o total, sendo esta de 0,8 nos homes e de 1,2 nas mulleres. Na distribución por grupos de idades, no conxunto europeo son os menores de 16 anos os que mostran unha maior porcentaxe, mentres que son os maiores de 65 os que nos dous anos se atopan nunha mellor situación con respecto a este indicador. Cómpre destacar que o valor que consegue este subindicador para a UE-27 é sensiblemente superior ao do español tanto no ano 2010 (8,1 fronte a 4, respectivamente) como no 2007 (9,1 fronte a 3,3, respectivamente) polo incidente dos datos dos novos países membros. Entre eses anos a UE-27 mostra unha melloría, mentres que España empeora.

### **3.1.3. Subindicador en fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego (fogares nos que os seus membros en idade de traballar o fixeron menos do 20% do total do seu potencial de traballo durante o ano de referencia)**

O dato máis recente en España indica que no ano 2011 un 12,2% da poboación vive en fogares sen emprego ou con baixa intensidade de emprego. É necesario ter en conta que este indicador define a unha persoa en idade de traballar como a comprendida entre 18 e 59 anos, e polo tanto os fogares compostos por estudantes menores de 25 anos e/ou por persoas de 60 ou máis anos quedan excluídos. O dato do ano 2011 supón un incremento de 5,9 puntos porcentuais (un 48%) con respecto ao de 2007, cando un 6,3% da poboación se atopaba nesta situación. Tanto no ano 2007 como no 2011 as mulleres presentaron porcentaxes algo superiores aos homes, quizais como consecuencia do maior número de fogares monoparentais formados por mulleres.

Os datos mostrados por España no ano 2010 son moi semellantes aos do conxunto da UE-27. Nese ano o valor total do indicador foi do 9,8% en España e do 10% en Europa. Isto supón un cambio con respecto ao ano 2007, no que o valor do Estado español era sensiblemente máis baixo: un 6,3 fronte a un 9,6%, respectivamente. Como no caso de España, os valores son lixeiramente superiores no grupo das mulleres que no dos homes, tanto no ano 2007 como no ano 2010.

### **3.1.4. Interseccións entre indicadores**

A figura 2 mostra certas diferenzas entre a UE-27 e o Estado español na distribución entre os tres subindicadores das persoas incluídas en risco de pobreza ou exclusión social. Así, obsérvase que no ano 2010 no caso de España a porcentaxe de persoas en risco de pobreza monetaria é lixeiramente superior que para o conxunto da UE-27, mentres que a porcentaxe das que sofren unha privación material severa é moito menor para España. As porcentaxes no subindicador referido ás persoas en fogares con baixa intensidade de traballo son similares. Aínda que o criterio da EU2020S conta as persoas que cumpren cando menos un dos tres subindicadores, desde un punto de vista analítico é interesante observar a superposición dos tres manexados, é dicir, cantas persoas cumpren en máis dun indicador e cales son as combinacións máis habituais.

Segundo Atkinson *et al.* (2010), dos 120 millóns de persoas en risco de pobreza ou exclusión social cuantificados na UE-27 no ano 2008, só 7 millóns (o 6%) cumpren os tres criterios, e 28 millóns, dous dos tres. Os mesmos autores destacan que o grao de solapamento entre os indicadores varía entre os Estados membros, o que é considerado para os efectos de monitorización<sup>8</sup>. Evidentemente, os progresos na redución da pobreza e da exclusión social dependerán, por un lado, da

---

<sup>8</sup> Non perdamos de vista que este indicador é a ferramenta básica para medir os progresos realizados neste campo tanto pola UE en conxunto como polos Estados membros en materia de inclusión social.

elección de prioridades a nivel de Estados e, por outro, do grao no que esas políticas se aplican nos fogares nos que se solapan varios indicadores (Atkinson *et al.*, 2010).

Pois ben, no caso do Estado español cómpre destacar que é a poboación en risco de pobreza, pero non en carestía material grave nin vivindo en fogares con baixa intensidade de traballo, o grupo máis destacado dentro das posibles interseccións de indicadores, cun 14,9% (fronte ao 9,7% europeo) no ano 2010. O seguinte grupo constitúe o das persoas que se atopan en risco de pobreza e vivindo en casas cunha baixa intensidade de traballo pero non en carestía material grave, cun 3,5% no ano 2010. En cambio, no conxunto europeo o segundo grupo constitúe un 3,8% das persoas que non se atopan nin en risco de pobreza nin vivindo en fogares con baixa intensidade de traballo pero si en carestía material grave.

### **3.2. DIFERENZAS REXIONAIS NO INDICADOR REFERIDO A PERSOAS EN RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL**


Como xa se comentou, este artigo pretende explicar as diferenzas territoriais na pobreza en España. Polo tanto, unha vez mostrada a situación global do país, é necesario achegar unha descrición das diferenzas a nivel de CC.AA., que son o noso marco territorial de estudo.

Os mapas 1 e 2 mostran os datos do indicador “porcentaxe da poboación en risco de pobreza e exclusión social” para o ano 2011 e o cambio en puntos porcentuais no período 2007-2011. O mapa 1 reflicte unha clara diferenza entre as CC.AA. do norte, que presentan valores inferiores á media para ese ano (27%), e as do sur, con rexistros por riba, agás no caso da Comunidade Valenciana. Murcia, Extremadura, Castela-A Mancha, Andalucía e os territorios periféricos de Ceuta, Melilla e Canarias superaron no ano 2011 o valor do 30% da poboación en risco de pobreza e exclusión social. No mapa 2 pode observarse que só catro CC.AA. experimentaron un descenso na porcentaxe da poboación en risco de pobreza ou exclusión social neses anos. As CC.AA. que melloran son Ceuta, Extremadura, Asturias e Galicia. Cataluña, Cantabria, A Rioxa e Canarias presentan o maior incremento no indicador, superior a 5 puntos porcentuais, e que supón en todas elas un incremento de máis dun 40% con respecto ao dato do ano 2007.

O mapa 3 mostra os datos do subindicador “porcentaxe de persoas en risco de pobreza” para o ano 2011 e o mapa 4 o cambio entre os anos 2007 e 2011. A distribución das persoas en risco de pobreza no 2011 por comunidade autónoma reflicte un patrón moi semellante ao indicador anterior. Neste caso son tamén as rexións do sur da península (principalmente, Extremadura, Andalucía e Castela-A Mancha) e os ámbitos periféricos de Ceuta, Melilla e Canarias as que presentan os valores máis altos, por riba do 30% da poboación. Os máis baixos coinciden coas rexións do norte, sendo País Vasco, Asturias e Navarra as mellor posicionadas. Á vista do mapa 4, entre os anos 2007 e 2011 só País Vasco, Asturias, Extremadura e Ceuta mostran unha redución do número de persoas en risco de pobreza.




**Mapa 1.-** Porcentaxe da poboación en risco de pobreza e exclusión social no ano 2011




Ceuta: 33,3; Melilla: 34,4  
 FONTE: EUROSTAT (2012).

**Mapa 2.-** Diferenza na porcentaxe de poboación en risco de pobreza e exclusión social no período 2007-2011




Ceuta: -9,5; Melilla: 3,9  
 FONTE: EUROSTAT (2012).

**Mapa 3.-** Porcentaxe de persoas en risco de pobreza no ano 2011



Ceuta: 26,5; Melilla: 30,9  
 FONTE: EUROSTAT (2012).


**Mapa 4.-** Diferenza na porcentaxe de poboación en risco de pobreza no período 2007-2011



Ceuta: -13,7; Melilla: 4,0  
 FONTE: EUROSTAT (2012).


Os mapas 5 e 6 mostran a distribución rexional do subindicador “porcentaxe de persoas en carestía material severa” e o cambio neste indicador entre os anos 2007 e 2011, respectivamente. O mapa 5 permite intuír unha zonificación norte-sur semellante á xa comentada, aínda que menos clara. A rexión cunha maior porcentaxe de persoas en risco de pobreza e exclusión social é Ceuta, cun 9%, un valor de 5,1 puntos porcentuais sobre a media estatal. Baleares, cun 7,4%, é a segunda comunidade autónoma, seguida de Andalucía, Cataluña e A Rioxa, todas con valores por riba do 5%. As CC.AA. con valores máis baixos neste indicador –non chegan ao 2%– son Asturias, Aragón, Cantabria, e Castela e León.

**Mapa 5.-** Porcentaxe de persoas en carestía material severa no ano 2011



Ceuta: 9,0; Melilla: 4,90  
 FONTE: EUROSTAT (2012).

**Mapa 6.-** Diferenza de persoas en carestía material severa no período 2007-2011





Ceuta: -6,9; Melilla: -0,7  
 FONTE: EUROSTAT (2012).

No período 2007-2011 obsérvase que sete CC.AA. reducen as porcentaxes de persoas con carestía material severa. A máis marcada corresponde a Ceuta, de 6,9 puntos porcentuais (partía dun valor moi alto no ano 2007: 15,9); séguenlle Asturias, Galicia, Melilla, Murcia, Andalucía e Cantabria. Cataluña, A Rioxa e Baleares son as comunidades que máis empeoran neste subindicador. Este incremento na porcentaxe de persoas con carestía material severa supón un cambio con respecto ao mapa do ano 2007, xa que nesta data A Rioxa e Cataluña presentaban valores inferiores á media nacional, e Baleares, o mesmo valor.

Finalmente, os mapas 7 e 8 mostran a distribución rexional do subindicador “persoas en fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego” no ano 2011 e o cambio no período 2007-2011, respectivamente. A media estatal deste indicador no ano 2011 foi do 11,2% da poboación de entre 18 e 59 anos; as autonomías que se sitúan por baixo desa media son Cataluña, Baleares, Galicia, Castela e León, País Vasco, Aragón, Madrid e Navarra. Aínda que algunhas comunidades do norte da península presentan valores superiores a esa media, o mapa 7 permite intuír que as do sur da península, así como as rexións periféricas, son as que presentan valores elevados neste indicador. Andalucía e Canarias son as CC.AA. que presentan os valores máis altos no ano 2011 (18,0% e 19,5%, respectivamente).

Entre os anos 2007 e 2011 o cambio neste subindicador traducíuse nun incremento da porcentaxe en 5,9 puntos, o que supón case unha duplicación da taxa do ano 2007. Neste período só Navarra experimentou un descenso na porcentaxe de persoas en fogares sen ou con baixa intensidade no emprego, e de feito é esta Comunidade a que presenta un valor máis baixo no ano 2011. As restantes CC.AA. mostran un incremento. Particularmente preocupante é o caso de Canarias, xa que se no ano 2007 presentaba o mesmo valor que o Estado español (6,3%), aumentou o valor en 13,2 puntos porcentuais, conseguindo no ano 2011 unha porcentaxe do 19,5%, que é o valor máis elevado.



**Mapa 7.-** Persoas en fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego no ano 2011



Ceuta: 15,4; Melilla: 15,2

FONTE: EUROSTAT (2012).

**Mapa 8.-** Persoas en fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego no período 2007-2011



Ceuta: 2; Melilla: 2,8

FONTE: EUROSTAT (2012).

### **3.2.1. Ante esta situación, cales son as políticas estatais e autonómicas de loita contra a pobreza e a exclusión social?**

O punto anterior permite facer dúas afirmacións en canto á poboación en risco de pobreza e exclusión social en España: por un lado, que a crise económica está tendo unha marcada influencia a nivel social e que leva a un incremento notable das persoas en risco de pobreza e exclusión social; e por outro lado, non obstante, pode confirmarse que existen diferenzas rexionais claras tanto no punto de partida como na dirección e intensidade dese cambio na poboación que sofre esta situación. Tendo en conta estas diferentes situacións cabería esperar que as CC.AA. contaran con iniciativas adaptadas á súa realidade territorial que lle permitiran ao conxunto do Estado conseguir o obxectivo da EU2020S en materia de pobreza e exclusión social.

Neste sentido, o Estado español fixou o seu obxectivo na redución entre 1.400.000 e 1.500.000 das persoas en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón, se eliximos a cifra máis ambiciosa, un descenso do 12,84% dos pobres totais no ano 2010, que eran, segundo EUROSTAT, 11.6715.000 persoas. Esta redución do 12,84% atópase 4,43 puntos porcentuais por baixo do obxectivo da UE de reducir ao 17,28%.

Nos mapas 9 e 10 podemos observar a distancia (en puntos porcentuais) que ten que recorrer cada comunidade autónoma para chegar a este obxectivo de redución. No mapa 9 poden observarse as distancias para conseguir o obxectivo proposto polo Estado español, mentres que o mapa 10 permite visualizar a distancia ao obxectivo europeo de redución de 20.000.000 de pobres no ano 2020.


O obxectivo proposto polo Estado español parece moi ambicioso cando se toma conciencia da difícil situación de partida, pois no bienio 2010-2011 se incrementou en máis de 650.000 o número de pobres e excluídos sociais nun contexto de escaso compromiso por parte das autoridades políticas para paliar esta alarmante situación.

Cómpre destacar que a EU2020S establece que cada Estado membro debe presentar anualmente un Programa de Reformas, que é un documento no que se desenvolven políticas e medidas para manter o crecemento e o emprego e aproximarse aos obxectivos da EU2020S.

No Programa de Reformas presentado por España no ano 2011 recollíanse un conxunto de medidas dirixidas a reducir o risco de pobreza en determinados sectores da poboación: terceira idade, nenos e persoas con discapacidades. Poñíase de manifesto a necesidade dunha reforma do mercado laboral de cara a incrementar o grao de capacitación dos traballadores, o fomento do emprego (sobre todo entre os colectivos de difícil inserción laboral) e o apoio ás pemes. Así mesmo, incorporábanse un conxunto de actuacións concretas de loita contra a pobreza como, entre outras, garantir o nivel de rendas dos maiores, fomentar os servizos de atención a persoas con coidados de longa duración, facilitar o acceso ao emprego (sobre todo no caso de familias con nenos), incrementar os servi-


zos de atención a menores (0-3 anos) ou garantir o acceso a unha vivenda digna e habitable.

**Mapa 9.-** Distancia ao obxectivo nacional



Ceuta: 5,4; Melilla: 4,4  
FUENTE: EUROSTAT (2012).

**Mapa 10.-** Distancia ao obxectivo europeo



Ceuta: 7,27; Melilla: 5,93  
FUENTE: EUROSTAT (2012).

Con todo, resulta canto menos rechamante que no Plan de Reformas do ano 2012 non se faga referencia ningunha a medidas de loita contra a pobreza, e que o discurso se centre na consolidación fiscal, na modernización das Administracións e dos servizos públicos, no sistema financeiro, no crecemento e na competitividade, e na necesidade dunha maior formación e educación de cara á inserción laboral. Entre as accións propostas cómpre subliñar a racionalización do gasto en educación (concretamente en persoal docente e medios materiais), o fomento na eficiencia na política de bolsas, o avance do emprego a través da formación profesional, o desenvolvemento dunha reforma na política activa de emprego ou o apoio aos emprendedores e a atención ás persoas con coidados de longa duración. Así mesmo, no ámbito da vivenda só se fala da necesidade de eliminar os obstáculos no sector da construción; fomentar a rehabilitación de vivendas e o aluguer; cambiar o modelo de solo urbano, fomentando os usos terciarios, industriais e tecnolóxicos; modificar o sistema de valoración do solo e eliminar os obstáculos ao sector da construción e ao fomento do aluguer. En consecuencia, consideramos que este Plan de Reformas lles dá unha forte prioridade ás medidas estritamente monetaristas, mentres que se esquece dos compromisos que España adquiriu no marco da EU2020S.

### 3.3. ANÁLISE DOS INDICADORES DA EU2020

#### 3.3.1. Estudo das correlacións entre os indicadores da EU2020S en España

O documento da UE2020S establece que os piares de crecemento e as iniciativas emblemáticas están interrelacionados. Por ese motivo, partimos dun estudo das correlacións que existen entre os oito indicadores que a EU2020S propón para medir os progresos feitos polos países e pola UE-27 como conxunto, facendo fincapé nas existentes entre o indicador “poboación en risco de pobreza ou exclusión social”, os subindicadores que o compoñen e os restantes indicadores seleccionados neste estudo (táboa 3).

**Táboa 3.-** Indicadores utilizados e os seus acrónimos

| Indicadores utilizados   | Acrónimos |
|--|-----------|
| % da poboación de entre 30 e 34 anos con estudos universitarios                          | PEU       |
| % da poboación de entre 18 e 24 anos que abandona os estudos de maneira temperá          | AET       |
| Porcentaxe da poboación de entre 25 e 64 anos que só alcanzaron o nivel educativo ISCD 2 | BNF       |
| % da poboación en risco da pobreza ou exclusión social                                   | PRPOES    |
| % da poboación en risco de pobreza   | PRP       |
| % da poboación en carestía material severa   | PCMS      |
| % da poboación que vive en fogares con moi baixa intensidade laboral                     | PFBIL     |
| Taxa de emprego da poboación de entre 20 e 64 anos                                       | TE        |
| Taxa de emprego da poboación de entre 18 e 25 anos                                       | TEX       |
| % de empregados no sector da construción con respecto ao emprego total                   | ESC       |
| Variación do % de empregados no sector da construción entre os anos 2007 e 2010          | CESC      |
| % do PIB investido en I+D  | PIBIMD    |
| Esperanza de vida ao nacer   | EVN       |

FONTE: Elaboración propia.

As correlacións obtivéronse mediante o software SPSS 19 para os anos 2007 e 2011. No ano 2007, o indicador *PRPOES* mostraba coeficientes de correlación elevados e significativos ( $p$ -valor < 0,01) con *PRP* (0,897), *BNF* (0,863), *TE* (-0,775) e *PEU* (-0,711). Algo menos intensas pero tamén significativas son as correlacións con *AET* (-0,633,  $p$ -valor = 0,006), *EVN* (-0,633,  $p$ -valor = 0,006) e *PIBIMD* (-0,601,  $p$ -valor = 0,11). Estas correlacións permiten defender que as CC.AA. nas que a porcentaxe de persoas en risco de pobreza e exclusión social no ano 2007 era maior coincidían coas que tiñan menores taxas de emprego, menor porcentaxe de persoas con estudos terciarios, maior proporción de persoas con baixo nivel educativo, maior abandono escolar, maior proporción de empregados no sector da construción e menor investimento en I+D.

No ano 2007 o subindicador *PRP* mostraba as mesmas correlacións que *PRPOES* pero cunha menor intensidade. O indicador *PCMS* só mostra correlacións moderadas, neste caso con *PEU* (-0,502,  $p$ -valor = 0,040), *AET* (0,57,  $p$ -valor = 0,020) e

*EVN* (0,595,  $p$ -valor = 0,012). O subindicador *PFBIL* presenta correlacións moderadas con *TEX* (0,596,  $p$ -valor = 0,012), *TE* (0,799,  $p$ -valor < 0,001) e *EVN* (0,663,  $p$ -valor = 0,004). Por outra parte, cómpre sinalar que a intensa correlación entre *ESC* e *AET* e *BNF* (0,842,  $p$ -valor < 0,001) e a intensa correlación negativa con *PEU* suxiren que no ano 2007 as comunidades con maior proporción de persoas traballando no sector da construción eran as que presentaban taxas de abandono escolar máis elevadas, maior proporción de persoas con baixa educación e menores proporcións de persoas de entre 30 e 34 anos con estudos universitarios.

No ano 2011 as correlacións son semellantes ás identificadas no ano 2007, aínda que se poden sinalar certas diferenzas. Un aspecto importante que é preciso mencionar é que, mentres que no ano 2007 o subindicador *PFBIL* non estaba correlacionado co indicador *PRPOES*, no ano 2011 existe unha clara e intensa correlación entrambos os dous (0,770,  $p$ -valor < 0,001), de forma que no ano 2011 o desemprego ten unha relación clara co número de persoas en risco de pobreza. Neste mesmo ano 2011 tamén se observa que o subindicador *PFBIL* mostra unha correlación moderada negativa con *PEU* (-0,678,  $p$ -valor = 0,003) e positiva con *AET* (0,685,  $p$ -valor = 0,002). Estas correlacións, que non existían no ano 2007, suxiren que no ano 2011 as CC.AA. con maior proporción de persoas en familias con baixa intensidade de traballo son aquelas nas que o número de persoas con estudos universitarios é menor e maior o número de persoas que abandonan os estudos de forma temperá.

É posible que o cambio na intensidade destas correlacións entre os anos 2007 e 2011 poida explicarse pola destrución de emprego no sector da construción, xa que este sector aglutinaba numerosas persoas con baixa formación académica. Destacamos tamén que no ano 2011 o indicador *ESC* non mostra correlación coas variables de educación *PEU*, *AET* e *BNF*, feito que se explica porque no ano 2011 o sector da construción xa non absorbe a poboación de baixo nivel educativo e porque, ademais, xa non existe unha relación clara entre o abandono escolar e a puxanza do sector da construción.

Finalmente, no caso das correlacións para o ano 2011 incluímos o indicador *CESE*, que mostrou unha correlación moderada (0,518,  $p$ -valor = 0,033) co indicador *TE*, e algo superior pero negativa co indicador *PEU* (-0,672,  $p$ -valor = 0,003). Isto indica que naquelas CC.AA. onde a destrución de emprego no sector da construción no quinquenio 2007-2011 foi máis intensa, a taxa de emprego é menor no ano 2011 e que, ademais, a destrución foi menos intensa naquelas comunidades con maior proporción de persoas con estudos universitarios.

O cambio na proporción de persoas que traballan no sector da construción entre os anos 2007 e 2011 (*CESE*) mostra unha moderada correlación con *PRPOES* (0,497,  $p$ -valor = 0,043) e con *PRP* (0,489,  $p$ -valor = 0,046), así como con *PFBIL* (0,457,  $p$ -valor = 0,65). Isto podería interpretarse como que é nas CC.AA. nas que máis emprego se destruíu no sector da construción no período 2007-2011 nas que a proporción de persoas en risco de pobreza no ano 2011 é maior.

No ano 2007 o indicador *ESC* xa mostraba unha certa correlación cos indicadores *PRPOES* (0,624, *p*-valor = 0,007) e *PRP* (0,609, *p*-valor = 0,01), o que permitía intuír que era naquelas CC.AA. onde máis importancia tiña o sector da construción nas que maior era a porcentaxe de persoas en risco de pobreza e exclusión social. O indicador *ESC* estaba correlacionado negativamente coa porcentaxe de persoas con estudos universitarios e co investimento en I+D, e positivamente coa porcentaxe de persoas con baixo nivel educativo e coa taxa de abandono escolar.

Podemos dicir que aquelas rexións nas que a importancia da construción era maior eran aquelas CC.AA. que xa no ano 2007 estaban máis lonxe de cumprir cos obxectivos socioeducativos da EU2020S e que xa tiñan unha maior proporción de persoas en risco de pobreza e exclusión social. A destrución de emprego no sector da construción no quinquenio 2007-2011 determina que o peso deste sector se iguale entre as CC.AA. e que, polo tanto, a relación coa proporción de persoas en risco de pobreza e exclusión social sexa menos evidente.

### 3.2.2. Resultados da análise de compoñentes principais

A solución deducida mediante rotación *varimax*<sup>9</sup> desta análise permitiu extraer, cos datos do ano 2011, tres compoñentes principais que mostran *eigenvalues* superiores a 1, e que conxuntamente explican un 84,77% da varianza total dos datos (un 60,75%, un 14,46% e un 9,57%, respectivamente).

A compoñente principal 1 (*CP1*) inclúe as seguintes variables: i) con cargas positivas elevadas (> 0,7) *PRPOES*, *PRP*, *PCMS* e *AET*, e con carga positiva moderada (0,66) *BNF*; ii) con cargas negativas elevadas (< -0,7) *PEU*, e con carga negativa moderada (-0,514) *PIBIMD*. A compoñente principal 2 (*CP2*) inclúe con cargas positivas elevadas ás variables *TE*, *TEX* e *EVN*, e con carga negativa elevada (-0,770) *PFBIL*. Finalmente, a compoñente principal 3 (*CP3*) só ten dúas variables: con carga positiva e elevada *ESC*, e con carga negativa moderada (-0,633) *PIBIMD*.

A partir desta análise dos datos do ano 2011 poderíamos establecer a interpretación das compoñentes principais como factores. A *CP1* mostra a relación entre o risco de pobreza e o nivel educativo das persoas, de forma que as CC.AA. con valores positivos neste indicador serían aquelas con maior proporción de persoas en risco de pobreza e exclusión social e baixo nivel educativo. No caso da *CP2*, as CC.AA. con valores positivos serían aquelas con maiores taxas de emprego e maior esperanza de vida. Finalmente, a *CP3* interprétase como a relación a nivel de CC.AA. entre o baixo investimento en I+D e a importancia do sector da construción.


---

<sup>9</sup> A validez da ACP queda confirmada tanto polos resultados do test de Barlett como na medida de adecuación da mostra de Kaiser-Mayer-Olkin. O criterio de adecuación da mostra superior a 0,6 (0,629) confirma a validez da análise. A ACP require que a probabilidade asociada co test de esfericidade de Barlett sexa menor que o nivel de significación, que é o caso da nosa análise (Sig.< 0.0001).



Unha vez identificadas as compoñentes principais, as CC.AA. obxecto de estudo poden agruparse de acordo coas súas similitudes en relación cos valores das súas compoñentes. Isto fíxose empregando o método de agrupación do algoritmo de *k*-medias cos valores de regresión obtidos na ACP previa. Varias probas confirmaron que a mellor solución é aquela integrada por tres grupos (ou clústeres de rexións). O mapa 11 mostra os clústeres resultantes da agrupación. Unha análise ANOVA permitiu rexeitar a hipótese nula de que as medias dos distintos clústeres son iguais tanto no caso da *CP1* ( $p$ -valor = 0,012) como no caso da *CP2* ( $p$ -valor < 0,001).

**Mapa 11.-** Resultado da análise clúster



FONTE: Elaboración propia.

O clúster 1 agrupa a aquelas rexións que teñen unha situación máis favorable en canto ao emprego e onde a distancia aos obxectivos globais da EU2020S é máis moderada. Estas CC.AA. coinciden co norte da península Ibérica e coas Baleares.

O clúster 2 agrupa só dúas rexións: Asturias e País Vasco; segundo os resultados da clusterización, este grupo de dúas comunidades autónomas caracterizaríase por presentar unha mala situación en canto ao emprego e unha moi boa situación na *CP2*, e polo tanto, está nunha situación con respecto aos obxectivos da EU2020S algo mellor que outras comunidades autónomas. Isto é certo para o caso de Asturias que, efectivamente, presenta unha boa posición relativa con respecto aos indicadores de pobreza e exclusión social, pero no tan favorable no que se refire á taxa de emprego. Porén, no caso do País Vasco, aínda que presenta unha posición moi boa na *CP1*, é dicir, con puntuacións bastante óptimas nos indicadores da 2020, tamén presenta unha posición máis que aceptable en canto ao emprego, e parece que entra neste clúster pola súa boa situación nos indicadores da 2020.

Finalmente, o terceiro clúster agrupa a aquelas CC.AA. que teñen unha peor posición tanto nos obxectivos da 2020 como no emprego, e que coincide co sur da península Ibérica e coas Canarias.

#### 4. CONCLUSIÓNS

A crise económica ten efectos claros sobre a poboación en risco de pobreza en España; a poboación englobada baixo este indicador non só está aumentando senón que as características deste conxunto poboacional desfavorecido se modifican nos anos que van de crise. Así, poderíamos facer referencia a un tímido proceso de *desfeminización* da pobreza, xa que desde unha situación anterior onde a pobreza afectaba sensiblemente máis ás mulleres adultas que aos homes adultos, nos anos da crise observamos un avance cara á converxencia da taxas entrambos os dous sexos. Por outra parte, no relativo á distribución por idades, observamos tamén un marcado cambio, xa que se antes era o grupo dos maiores de 64 anos o que presentaba unha maior porcentaxe de persoas en risco de pobreza, desde o ano 2010 o grupo dos adultos (de entre 16 e 64 anos) supera ao dos adultos maiores, e é o grupo dos nenos (menores de 16 anos) o máis afectado pola pobreza.

Os indicadores estudados mostran que existen diferenzas territoriais claras na intensidade da pobreza. As CC.AA. cun maior volume de poboación en risco de pobreza e exclusión social son as que rexistran un menor número de persoas con estudos universitarios, unha maior taxa de abandono escolar, máis desemprego e nas que o sector da construción tivo máis importancia nos anos anteriores á crise.

Neste sentido, pode afirmarse que as comunidades autónomas do sur peninsular, así como as áreas periféricas de Canarias e das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, son as que máis dificultades van ter para conseguir os obxectivos da EU2020S de inclusión social. Non debe esquecerse que foi nestas comunidades autónomas nas que o sector da construción tivo un maior peso durante os anos de bonanza económica, o que ao mesmo tempo fomentaba o abandono escolar temperán. Pola contra, comunidades autónomas como País Vasco, Navarra e A Ríoxa nos últimos anos viñeron desenvolvendo iniciativas en materia de educación, I+D+i e intervención social, que incidiron nunha redución dos índices de pobreza e na consolidación dunha base económica forte e diversificada menos sensible á crise.

Entendemos que todos os indicadores sociais da EU2020S están interrelacionados, de aí que a loita contra a pobreza tan só pode ter éxito tratándoa de maneira integrada e non sectorial, que é como se veu facendo ata o momento. A pesar da preocupante situación social do Estado español, non existen iniciativas coordinadas de prevención contra a pobreza e a exclusión social (emprego e formación), o que se reflicte no feito de que no último Plan de Reformas que

anualmente presenta España á EU2020S non se fai mención ningunha a estas cuestións.

Polo que respecta aos indicadores que conforman a EU2020S (excluíndo os relacionados co medio ambiente e a enerxía), aínda que España mantén unha boa posición en canto ao volume de persoas con estudos universitarios, nos restantes indicadores está lonxe de conseguir os obxectivos propostos na Estratexia, tanto dos fixados para o conxunto da UE como da adaptación nacional que se fixo destes. Porén, España atópase ante o reto de conseguir os obxectivos da EU2020S na próxima década para crear unha base económico-social que fomente a inclusión social e que permita reducir os actuais niveis de pobreza e exclusión social.

Sexa como fose, a crise económica e as medidas adoptadas polos axentes políticos para paliar van na dirección contraria aos preceptos da Estratexia. Conseguir o obxectivo da EU2020S de reducir en España o número de pobres entre 1,4 e 1,5 millóns de persoas esixe unha maior coordinación entre as entidades gobernamentais e non gobernamentais á hora de deseñar plans e de implementalos. Estes plans deben adaptarse ás características do territorio no que se aplican, xa que, como vimos anteriormente, non en todas as CC.AA. as circunstancias de partida son as mesmas nin tampouco as características das persoas en risco de pobreza.

O avance nos niveis de pobreza e exclusión social nos diferentes países de Europa pasa pola aplicación de plans integrados que partan dun coñecemento profundo das dimensións deste fenómeno, así como das súas diferenzas territoriais. En consecuencia, non chega con analizar o indicador da EU2020S relativo á poboación en risco de pobreza e exclusión social cando, ademais, sabemos que o limiar da pobreza depende dos ingresos medios da poboación e que, por conseguinte, pode cambiar dun ano a outro. É preciso estudar os subindicadores relativos á pobreza relativa, á carencia material severa e aos fogares sen emprego ou con baixa intensidade no emprego e as súas interrelacións. Deste modo observaremos como, por exemplo, que aínda que en España existe pobreza monetaria, a situación en canto ao número de persoas que sofren carestía material severa non é tan grave como noutros países europeos.

Neste sentido, paga a pena facer unha reflexión sobre o indicador empregado pola EU2020S para medir os progresos feitos polos países membros da UE-27 en materia de inclusión social. O indicador *persoas en risco de pobreza e exclusión social* presenta, na nosa opinión, dúas limitacións. Por un lado, ao tratarse dunha combinación de tres subindicadores, non permite obter unha visión realista das características da poboación que aglutina, feito que obriga a estudar polo miúdo as interseccións entre os indicadores, o que nos permitirá ver en que tipo de pobreza se están facendo progresos e cales son os colectivos que están empeorando.

Por outra parte, hai que sinalar que o subindicador en risco de pobreza fai referencia a un limiar de pobreza monetaria que non é o mesmo para todos os paí-

ses da UE-27, o que provoca que os datos sexan dificilmente comparables entre estes países. Isto complicase máis cando facemos análises rexionais, xa que o indicador fai referencia ás persoas e aos fogares onde a renda é inferior ao 60% da renda mediana dispoñible equivalente nacional, cando sabemos que, cando menos no caso de España, existen diferenzas rexionais claras tanto no PIB *per capita* como na renda dispoñible das familias.

## BIBLIOGRAFÍA

- ATKINSON, A.B.; MARLIER, E.; MONTAIGNE, F.; REINSTADLER, A. (2010): "Income Poverty and Income Inequality", en A.B. Atkinson e E. Marlier [ed.]: *Income and Living Conditions*. (EUROSTAT Statistical Books). Luxemburgo: EUROSTAT. (9 de novembro de 2012). <[http://epp.EUROSTAT.ec.europa.eu/cache/ITY\\_OFFPUB/KS-31-10-555/EN/KS-31-10-555-EN.PDF](http://epp.EUROSTAT.ec.europa.eu/cache/ITY_OFFPUB/KS-31-10-555/EN/KS-31-10-555-EN.PDF)>. Luxemburgo.
- AYALA CAÑÓN, L. (2009): "Desigualdad, pobreza y privación", *VI Informe sobre exclusión y desarrollo social en España 2008*, pp. 89-171. Madrid: Fundación FOESSA. (14 de novembro de 2012). <[www.foessa.org](http://www.foessa.org)>.
- AYALA, L.; NAVARRO, C. (2004): *Multidimensional Indices of Housing Deprivation with Application to Spain*. (Papeles de Trabajo, 12/04). Madrid: Instituto de Estudios Fiscales.
- BADENES PLÁ, N. (2009): "El modelo de Rasch aplicado a la medición multidimensional de la pobreza en España: bienaventurados los que tengan tele, aunque no coman carne", *XVI Encuentro de Economía Pública*. Granada.
- BÁRCENA MARTÍN, E.; MORO EGIDO, A.I. (2011): "Country Differences in the Effect of Gender on Poverty in Europe", *Actas XVIII Encuentro de Economía Pública, 2011*. Málaga.
- BÁRCENA, E.; FERNÁNDEZ, E.; MARTÍN, G. (2000) "Análisis de la pobreza a través de un enfoque multidimensional: estudio del caso español a través de conjuntos borrosos", *Anales de Economía Aplicada*, 234.
- BARRIGA MARTÍN, L. (2011): *Protección de las personas físicas en situación de quiebra económica. Reflexiones y propuestas*. (14 de novembro de 2012). <[www.directoressociales.com](http://www.directoressociales.com)>.
- BELZUNEGUI ERASO, A.G.; PÁSTOR GOSÁLBEZ, I. (2011): "Género y pobreza, ¿Feminización o socialización de la pobreza en España?", *BARATARIA: Revista Castellano-Manchega de Ciencias Sociales*, 12, pp. 185-199.
- CANTÓ, O.; DEL RÍO, C.; GRADÍN, C. (2000): "La situación de los estudios sobre desigualdad y pobreza en España", en I. Bazaga, J.A. Ramos e M. Tamayo [coord.]: *Cuadernos de Gobierno y Administración*, 2, pp. 13-94. (Especial monográfico «Pobreza y desigualdad en España: enfoques, fuentes y acción pública»).
- CÁRITAS (2012): *VII Informe del Observatorio de la Realidad Social (2012). De la coyuntura a la estructura. Los efectos permanentes de la crisis*. (14 de noviembre de 2012). <[www.eapn.es](http://www.eapn.es)>.
- CASPER, L.M.; MCLANAHAN, S.S.; GARFINKEL, I. (1994): "The Gender-Poverty Gap: What we can Learn from Other Countries", *American Sociological Review*, 59 (4), pp. 594-605.
- CHEN, S.; RAVALLION, M. (2007): *Absolute Poverty Measures for Developing World, 1981-2004*. (Policy Research, WPS 4211). Washington D.C., WA: The World Bank.
- CHEN, S.; RAVALLION, M. (2010): "The Developing World is Poorer than we thought, But no Less Successful in the Fight Against Poverty", *The Quarterly Journal of Economics*, 125 (4), pp. 1577-1625.

- CHRISTOPHER, K.; ENGLAND, P.; SMEEDING, T.M.; ROSS PHILLIPS, K. (2002): "The Gender Gap in Poverty in Modern Nations: Single Motherhood, the Market, and the State", *Social Perspectives*, 45 (3), pp. 219-242.
- COMISIÓN EUROPEA (2004): *Joint Report on Social Inclusion*. Brussels: European Commission, Directorate General for Employment and Social Affairs, Unit E.2. (9 de novembro de 2012). <[http://ec.europa.eu/employment\\_social/social\\_inclusion/docs/final\\_joint\\_inclusion\\_report\\_2003\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/employment_social/social_inclusion/docs/final_joint_inclusion_report_2003_en.pdf)>.
- COMISIÓN EUROPEA (2010a): Comunicación de la Comisión Europea. «EUROPA 2020. Una Estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador». [COM (2010) 2020, de 03/03/10]. Bruselas: Comisión Europea. (9 de novembro de 2012). <[http://ec.europa.eu/commission\\_20102014/president/news/documents/pdf/20100303\\_1\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/commission_20102014/president/news/documents/pdf/20100303_1_es.pdf)>.
- COMISIÓN EUROPEA (2010b): *Investing in Europe's Future. Fifth Report on Economic, Social and Territorial Cohesion*. (Report from the Commission). Luxembourg: Publications Office of the European Union. (9 de novembro de 2012). <[http://ec.europa.eu/regional\\_policy/sources/docoffic/official/reports/cohesion5/index\\_en.cfm](http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/reports/cohesion5/index_en.cfm)>.
- COMISIÓN EUROPEA (2010c): Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. «Contribución de la política regional al crecimiento inteligente en el marco de Europa 2020». SEC (2010) 1183. [COM (2010) 553 final, de 06/10/10]. Bruselas: Comisión Europea. (9 de novembro de 2012). <[http://ec.europa.eu/regional\\_policy/sources/docoffic/official/communication\\_smart\\_growth/comm2010\\_553\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/communication_smart_growth/comm2010_553_es.pdf)>.
- COMISIÓN EUROPEA (2010d): *The European Platform Against Poverty and Social Exclusion: A European Framework for Social and Territorial Cohesion*. Bruselas: Comisión Europea. (9 de novembro de 2012). <<http://eurlex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2010:0758:FIN:ES:PDF>>.
- COMISIÓN EUROPEA (2011a): Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo, al Consejo, al Comité Económico y Social Europeo y al Comité de las Regiones. «Contribución de la política regional al crecimiento inteligente en el marco de Europa 2020». SEC (2011) 92 final. [COM (2011) 17 final, de 21/01/11]. Bruselas: Comisión Europea. (9 de novembro de 2012). <[http://ec.europa.eu/regional\\_policy/sources/docoffic/official/communication\\_sustainable/comm2011\\_17\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/regional_policy/sources/docoffic/official/communication_sustainable/comm2011_17_es.pdf)>.
- COMISIÓN EUROPEA (2011b): *Territorial Agenda of the European Union 2020 –Towards an Inclusive, Smart and Sustainable Europe of Diverse Regions*. (Agreed at the Informal Ministerial Meeting of Ministers Responsible for Spatial Planning and Territorial Development on 19th May 2011, Gödöllő (Hungary)). (7 de novembro de 2012). <[www.eu2011.hu/files/bveu/documents/TA2020.pdf](http://www.eu2011.hu/files/bveu/documents/TA2020.pdf)>.
- DEATON, A. (1997): *The Analysis of Household Surveys: A Microeconomic Approach to Development Policy*. Baltimore, MD: Johns Hopkins University Press.
- DEL RÍO, C.; RUIZ CASTILLO, J. (2001): "TIPS for Poverty Analysis. The Case of Spain, 1980-81 to 1990-91", *Investigaciones Económicas*, 25 (1), pp. 63-91.
- DOMÍNGUEZ, J.; NÚÑEZ, J.J.; RIVERA, L.F. (2005): "Análisis de las ponderaciones de indicadores simples en la construcción del indicador sintético de intensidad de la pobreza. El caso de la Unión Europea durante 1993-2000", *Actas del VIII Encuentro de Economía Aplicada*. Murcia. (14 de novembro de 2012). <[www.revecap.com/viiiieea/trabajos/d/pdf/dominguez.pdf](http://www.revecap.com/viiiieea/trabajos/d/pdf/dominguez.pdf)>.
- ESPAÑA. PODER JUDICIAL. (14 de novembro de 2012). <[www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)>.
- EUROSTAT (2000): *European Social Statistics. Income, Poverty and Social Exclusion*. Luxemburgo: Eurostat.

- FRIJTERS, P.; HAIKEN-DENEW, J.P., SHIELDS, M.A. (2005): "The Causal Effect of Income on Health: Evidence from German Reunification", *Journal of Health Economics*, 24 (5), pp. 997-1017.
- GALLEGO DUQUE, L. (2009). *El problema social de la pobreza y los índices para su medición*. (Tese de máster). Barcelona: Universidad Autónoma de Barcelona, Departamento de Sociología.
- GIARRIZZO, V. (2007): *Percepciones de pobreza y pobreza subjetiva. Un estudio para la Argentina*. (Tese de doutoramento). Buenos Aires: Universidad de Buenos Aires, Centro de Investigación en Epistemología de la Economía.
- GIL, M.; ORTIZ, S. (2009): "Determinantes de la pobreza extrema en España desde una doble perspectiva: monetaria y de privación", *Estudios de Economía Aplicada*, 27 (2), pp. 437-462. (Monográfico «Bienestar y pobreza»). (14 de novembro de 2012) <[www.revista-eea.net/documentos/569.pdf](http://www.revista-eea.net/documentos/569.pdf)>.
- HALLERÖD, B.; GUSTAFSSON, J.E. (2011): "A Longitudinal Analysis Of The Relationship Between Changes in Socio-Economic Status And Changes In Health", *Social Science And Medicine*, 72 (1), pp. 116-123.
- HERNÁNDEZ PEDREÑO, M. [coord.] (2008): *Exclusión social y desigualdad*. Murcia: Universidad de Murcia.
- INSTITUTO DE ESTUDIOS ECONÓMICOS (2012): UE-27: la población en riesgo de pobreza aumenta al 27% en España en 2011. Madrid: Instituto de Estudios Económicos. <<http://www.ieemadrid.es>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Encuesta de Condiciones de Vida*. Madrid: INE. (1 de novembro de 2012). <[www.ine.es](http://www.ine.es)>.
- KOTZ, D.M. (2009): "The Financial and Economic Crisis of 2008: A Systemic Crisis of Neoliberal Capitalism", *Review of Radical Political Economics*, 41 (3), pp. 305-317.
- LÓPEZ RIVERA, O. (2003): *La complejidad conceptual y las implicaciones metodológicas de la pobreza*. (Conferencia impartida no Coloquio da Mestría en Ciencias Sociais). Guatemala.
- MARTÍN GUZMÁN, P.; TOLEDO, M.I.; BELLIDO, N.; LÓPEZ ORTEGA, F.J.; JANO, D. (1996): *Desigualdad y pobreza en España. Estudio basado en las Encuestas de Presupuestos Familiares de 1973-74, 1980-81 y 1990-91*. Madrid: INE.
- PÉREZ AYERRA, C.; ZUGASTI MUTILVA, B. (2007): *Pobreza*. (8 de novembro de 2012). <[http://www.sieres.org/datos/0/OL.BIBLIO.Pobreza\\_218.pdf](http://www.sieres.org/datos/0/OL.BIBLIO.Pobreza_218.pdf)>.
- PÉREZ MAYO, J. (2008): *La dimensión territorial de la pobreza y la privación en España*. (Estudios de Progreso, 34/2008). Madrid: Fundación Alternativas.
- POLISH PRESIDENCE; EUROPEAN COMMISSION (2011): *First Annual Convention of the European Platform Against Poverty and Social Exclusion. Final Report*. Krakov.
- POZA, C; FERNÁNDEZ, J.A. (2001): "¿Qué factores explican la pobreza multidimensional en España? Una aproximación a través de los modelos de ecuaciones estructuradas", *Revista de Métodos Cuantitativos para la Economía y la Empresa*, 12 (diciembre), pp. 81-110.
- RAVALLION, M. (1992): *Poverty Comparisons: A Guide to Concepts and Methods*. (Working Paper, LSM 88). Washington D.C., WA: The World Bank. (1 de novembro de 2012). <<http://documents.worldbank.org/curated/en/1992/02/437897/poverty-comparisons-guide-concepts-methods>>.
- THIEDE, M.; TRAUB, S. (1997): "Mutual Influences Of Health And Poverty. Evidence from German Panel Data", *Social Science & Medicine*, 45 (6), pp. 867-877.

VAN PRAAG, B.; GOEDHART, T.; KAPTEYN, A. (1980): "The Poverty Line-A Pilot Survey in Europe", *The Review of Economics and Statistics*, 62 (3), pp. 461-465.

ZARZOSA ESPINA, P. (2009): "Estimación de la pobreza en las comunidades autónomas españolas, mediante la distancia DP2 de Pena", *Estudios de Economía Aplicada*, 27 (2), pp. 397-416.

